


OÁrea / Unidad JUSTICIA SOCIAL AS0000B JVC	Documento 10514I0P15	
Código de verificación  6B5F 4B3J 4K1D 220F 140N	Expediente 105/2020/5444	
	Fecha 15-06-2020	
Asunto BASES de la CONVOCATORIA de SUBVENCIONES para entidades de iniciativa social sin ánimo de lucro destinadas a actividades o proyectos de interés social, ejercicio 2020 [VERSION GALLEGA]		

**BASES reguladoras da CONVOCATORIA específica de SUBVENCIONS para entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro destinadas a ACTIVIDADES OU PROXECTOS DE INTERESE SOCIAL do Concello da Coruña, exercicio 2020.-**

**I. OBXECTO, FINALIDADE E NORMATIVA APLICABLE Á CONVOCATORIA**

**Base 1.- Obxecto e finalidade**

1. De conformidade coas competencias atribuídas a este Concello polo art. 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local e en aplicación do art. 23 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, Lei 9/2007, de 13 de junio, de subvenciones de Galicia así como as normas de carácter regulamentario que a desenvolven (R.D. 887/2006) e o artigo 2.3. da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, convócanse subvencións para actividades ou proxectos de promoción e reinserción social, prestación de servizos sociais e, en xeral, as que persigan un interese social no ámbito dos servizos sociais, a realizar durante o ano 2020, entre o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do 2020.

**Base 2.- Réxime xurídico**

2.1. A presente convocatoria rexerese integramente polas Bases reguladoras contidas na Ordenanza Xeral de Subvencións da área de Benestar do Concello da Coruña, aprobada polo Excmo. Concello Pleno en sesión de data 11 de abril de 2005 (BOP núm. 40); pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, pola Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, as demais normas que lle resulten de aplicación e axustándose, en todo caso, aos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.

Na tramitación derivada desta convocatoria específica terase en conta o establecido nas Bases 10ª.2. b), c) e 11ª da Execución do orzamento municipal para o exercicio 2020.

Asemade co obxecto de ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública, regular e garantir o dereito de acceso á información relativa a aquela actividade e establecer as obrigas de bo goberno, lle resulta de aplicación a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e a Instrución de Transparencia do Concello da Coruña, de data 9 de marzo de 2016.



2.2. As bases estarán a disposición das persoas interesadas na sede electrónica do Concello da Coruña: <https://sede.coruna.gob.es>, na páxina web do Boletín Oficial da Provincia de A Coruña: <http://bop.dicoruna.es/bopportal/> e na Base de Datos Nacional de Subvencións: <http://www.infosubvenciones.es>.

### Base 3.- Finalidade

3.1 A finalidade das subvencións é a cooperación en actividades ou proxectos de promoción e reinserción social, a prestación de servizos sociais e, en xeral, as que persigan un interese social no ámbito dos servizos sociais, no termo municipal da Coruña, a realizar durante o ano 2020, por entidades de iniciativa social ou agrupacións de persoas, nas condicións que se establecen na Ordenanza Xeral de Subvencións da área de Benestar do Concello da Coruña.

## II. GASTOS SUBVENCIONABLES

### Base 4.- Gastos subvencionables

#### 4.1. Gastos subvencionables: Criterios xerais:

4.1.1. Considéranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubidable respondan á natureza das actividades ou proxectos subvencionados, tales como:

- Gastos de funcionamento da entidade necesarios para o desenvolvemento da actividade ou proxecto obxecto da subvención (gastos do persoal directamente afectado ao cumprimento da finalidade subvencionada, gastos profesionais, organización de talleres e accións).
- Gastos indirectos relacionados co cumprimento das actividades ou proxectos obxecto da subvención (arrendamento do local social, auga, gas, teléfono, luz, papelería, etc.).
- Outros gastos correntes directamente relacionados e necesarios para o desenvolvemento da actividade ou proxecto obxecto de subvención: cartelería, dípticos e trípticos, subministracións e servizos efectuados por provedores e/ou profesionais, etc.

En todo caso, debe acreditarse fehacientemente no correspondente xustificante de gasto que o mesmo está directamente relacionado coa actividade ou proxecto de que se trate. Considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación.

4.1.2. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

#### 4.2. Gastos subvencionables: Contratación con persoas ou entidades vinculadas:

4.2.1. De acordo co establecido no artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, en ningún caso poderá concertarse pola persoa beneficiaria a execución total ou parcial das actividades subvencionadas con persoas ou entidades vinculadas coa persoa beneficiaria, salvo que concorran as seguintes circunstancias:

- Que a contratación se realice de acordo coas condicións normais de mercado.
- Que se obteña a previa autorización do órgano concedente do seguinte modo:



- ✓ Solicitud por parte da persoa interesada con carácter previo á execución da actividade ou proxecto subvencionado.
- ✓ Acordo do órgano concedente, anterior á execución da actividade ou proxecto subvencionado, estipulando terceiro/s co que se contratará e o/os servizos/s que se recibe/n.

#### **4.3. Gastos subvencionables: Subcontratación:**

4.3.1. Poderase subcontratar ata o 50% das actividades ou proxectos subvencionados. Con todo, o réxime de subcontratación estará suxeito aos seguintes límites:

- No caso de subcontratacións, os supostos previstos nos apartados a), b), c) e e) do artigo 29.7 da Lei Xeral de Subvencións, non se admitirá a subcontratación en ningún caso.
- No caso de subcontratacións con entidades que non sexan vinculadas, para supostos distintos ao apartado anterior e a subcontratación supere o 50% establecido nesta cláusula, admitirase como gasto subvencionable só ata o 50% do gasto que finalmente se considere subvencionable e sempre que non se incremente a subcontratación ou o custo da actividade ou proxecto subvencionada agás que este incremento supoña un valor engadido á actividade ou proxecto que deberá ser acreditado. No caso de que a subcontratación supere o 20% do importe da subvención e exceda de 60.000,00 euros é preciso que se autorice o gasto previamente polo órgano concedente da subvención e que se formalice por escrito.
- No caso de subcontratacións con entidades vinculadas, deben observarse os requisitos previstos nos apartados precedentes e ser obxecto a subcontratación de autorización polo órgano concedente da subvención sempre que o importe subvencionable non exceda do custo incorrido pola entidade vinculada. A acreditación do custo realizarase na xustificación nos mesmos termos establecidos para a acreditación dos gastos da persoa beneficiaria.

Considérase que existe vinculación con aquelas persoas físicas ou xurídicas ou agrupacións sen personalidade nas que conorra algunha das circunstancias descritas no apartado 2 do artigo 68 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Entre outros supostos, considérase que existe vinculación:

- Coas persoas integrantes da xunta directiva ou a que exerza a administración da entidade beneficiaria e os familiares directos destas.
- Cos empregados/as da entidade beneficiaria.
- Cos empregados/as das empresas colaboradoras o deseño, desenvolvemento e execución da presente promoción, cónxuxes, parellas e parentes ata o segundo grao das persoas citadas con anterioridade.

A administración poderá comprobar, dentro do período de prescrición, o coste así como o valor de mercado das actividades subcontratadas ao amparo das facultades que lle atribúen os artigos 32 e 33 da Lei Xeral de Subvencións.

Con todo, o sinalado nos apartados anteriores, naqueles casos nos que o importe subcontratado supoña unha porcentaxe significativa do conxunto do gasto avaliarase a posibilidade de non admitir o resto dos gastos por incumprimento do fin para o que se concedeu a subvención.

#### **4.4. Gastos subvencionables: Gastos indirectos ou gastos xerais:**

4.4.1. En relación cos gastos indirectos ou gastos xerais da persoa beneficiaria serán subvencionables en función dos seguintes criterios:



- a) No caso de que se financien gastos xerais da entidade, serán subvencionables ao 100% sempre que os mesmos estean afectados a proxectos concretos da entidade. En todo caso, debe xustificarse o gasto coa documentación correspondente e acreditar o pago efectivo, de acordo co establecido nas Bases 16.2 e 16.3 desta convocatoria.
- b) En ningún caso financiaranse gastos xerais da entidade sen relación directa con actividades e/ou proxectos da entidade.
- c) No caso de que se financien actividades ou proxectos concretos da entidade, poderase imputar á conta xustificativa, gastos xerais da entidade ata un 20% do orzamento da actividade ou proxecto presentado coa solicitude ou do gasto realizado, se este fose menor, acreditando os mesmos cos correspondentes xustificantes de gasto e a acreditación do pago efectivo dos mesmos. Con todo, o solicitante poderá optar por imputar como gastos xerais ata un 10% do importe do gasto executado sen necesidade de presentar xustificante algún. Neste caso non se poderán imputar na conta xustificativa ningún outro gasto de carácter xeral salvo que se acredite fehacientemente nos xustificantes de gastos que se trata dun gasto directo e necesario para o desenvolvemento da actividade ou proxecto. En ningún caso caberá combinar ambas as posibilidades.
- d) Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrais e os gastos periciais non poderán ser considerados gastos indirectos, sendo subvencionables só no caso de que se traten de gastos directamente relacionados coa actividade ou proxecto subvencionado e sexan imprescindibles para a adecuada preparación ou execución da mesma.

#### **4.5. Gastos subvencionables con solicitude previa de ofertas:**

4.5. De acordo co establecido no artigo 31.2 da LGS, cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público para o contrato menor (15.000,00 euros, sen IVE incluído), o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que os realicen, presten ou fornezan, ou salvo que o gasto realizase con anterioridade á subvención.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, ou, no seu caso, na solicitude de subvención, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

#### **4.6. Gastos non subvencionables:**

4.6.1. Son gastos non subvencionables aqueles relativos aos investimentos en bens inventariables, e todos aqueles incompatibles coa natureza do crédito orzamentario.

4.6.2. En ningún caso serán gastos subvencionables:

- Os intereses debedores das contas bancarias.
- Intereses, recargas e sancións administrativas e penais.
- Os gastos de procedementos xudiciais.

4.6.3. Exclúense dos gastos subvencionables os referidos a actividades ou proxectos culturais, deportivas ou de mero lecer, lúdicas ou tempo libre que non se correspondan co obxecto da presente convocatoria.

4.6.4. Exclúense dos gastos subvencionables os referidos a actividades ou proxectos que esixan desprazamentos fora do termo municipal, cando os destinatarios de ditas actividades ou proxectos non sexan veciños do termo municipal da Coruña.

### III. REQUISITOS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

#### Base 5.- Requisitos para obter a condición de persoa beneficiaria

5.1. Poderán acceder á condición de persoa beneficiaria as persoas físicas, as xurídicas validamente constituídas, as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado que, aínda carecendo de personalidade xurídica, estean validamente constituídas e poidan levar a cabo as actividades ou proxectos ou se atopen na situación que motiva a concesión da subvención. No caso de agrupacións de persoas físicas ou xurídica, as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado, os requisitos da persoa beneficiaria deberán ser cumpridos por todos e cada uno dos socios/as, independentemente da súa porcentaxe na sociedade.

5.2. Cando se trate de agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas sen personalidade, deberán facerse constar expresamente na solicitude de subvención, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe de subvención a aplicar por cada un deles, que terán igualmente a consideración de persoa beneficiarias. En calquera caso, deberá nomearse un representante ou apoderado único da agrupación, con poderes suficientes para cumprir as obrigacións que, como beneficiario, corresponden á agrupación.

Tanto os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, como o importe de subvención a aplicar por cada un deles, deberán facerse constar na resolución da concesión da subvención. Non poderá disolverse a agrupación ata que transcorrese o prazo de prescrición previsto nos artigos 39 e 65 da Lei Xeral de Subvencións.

5.3. Son requisitos esixibles ás persoas beneficiarias que deberán estar cumpridos con anterioridade á data da proposta de concesión da subvención, ademais dos previstos con carácter xeral no artigo 13 da LXS e 10 da LSG, os seguintes:

a) Que teñan sede social ou delegación no termo municipal da Coruña. Terase en conta para determinar a sede social da entidade o domicilio que figure nos estatutos da mesma. De modificarse o domicilio social, deberá acreditarse a modificación do mesmo no rexistro correspondente.

No caso de existir delegación da entidade, esta deberá acreditarse mediante contrato ou documento de valor xurídico similar a nome da entidade na que conste que a súa utilización será para actividades da propia entidade.

b) Que carezan de fins de lucro e que, de acordo cos seus estatutos, teñan obxectivos e finalidades coincidentes co obxecto da subvención.

c) Que a actividade ou proxecto para a que se solicite a subvención sexa coincidente coa finalidade recollida na Base 3 da presente convocatoria.

d) Que presentasen a documentación xustificativa da subvención municipal correspondente ao exercicio 2019 e anteriores. Con todo, efectuarase a tramitación da subvención que se solicite ata a resolución da concesión que, e no caso de que non se xustificara a do ano anterior ou anteriores, o recoñecemento da obrigación quedará condicionado ao peche con conformidade da xustificación.



- e) Que se atopen ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria, da Axencia Tributaria de Galicia e fronte á Seguridade Social e co Concello da Coruña, os seus Organismos Autónomos e Entidades de Dereito Público dependentes do mesmo.

O Concello verificará que a entidade interesada está ao corrente no pago das súas obrigacións coa Axencia Tributaria estatal e autonómica, o propio Concello e fronte á Seguridade Social. No caso de que a persoa/entidade interesada se opoña expresamente a esta verificación no Anexo I, esta deberá achegar as certificacións que correspondan.

- f) Se a actividade ou proxecto para a que se solicita a subvención ten como suxeito a menores de idade, deberá presentarse unha declaración responsable de que todo o persoal (incluído o voluntario) encargado de realizala e que teña contacto habitual cos menores, cumpre co requisito previsto no artigo 13.5 da Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de Protección Xurídica do Menor, e no artigo 8.4 da Lei 45/2015, do 14 de outubro, de Voluntariado.

A declaración responsable requirida estará incluída no propio formulario de solicitude (Anexo S.0) que será asinado polo presidente ou representante da entidade.

- g) Os demais contemplados na Ordenanza Xeral de Subvencións da área de Benestar do Concello da Coruña, na Ordenanza municipal para a igualdade na diversidade e na Lei Xeral de Subvencións.

5.4. Conforme se establece no artigo 42 da Ordenanza Municipal da Coruña para a igualdade na diversidade, quedarán excluídas:

- a) As persoas físicas e xurídicas que fosen sancionadas en firme en vía administrativa, laboral ou penal por vulneración do dereito á igualdade e á non discriminación por razón de sexo.
- b) As persoas físicas ou xurídicas cuxos fins ou obxectivos, sistema de admisión ou acceso, funcionamento, traxectoria, actuación, organización ou estatutos sexan contrarios ao principio de igualdade entre mulleres e homes na diversidade
- c) As entidades ou empresas que incumpran as obrigacións establecidas na Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
- d) Aquelas actividades que discriminen por razón de sexo

#### IV. PROCEDEMENTO: INICIACIÓN

##### Base 6.- Crédito orzamentario

6.1. O importe global das subvencións obxecto desta convocatoria específica é de cen mil euros (100.000,00 €), gasto imputable á aplicación orzamentaria 51.231.489.00 do orzamento municipal para o exercicio 2020.

6.2. Este crédito orzamentario é o límite do importe das axudas que se poidan conceder.

6.3. A contía establecida poderá ser incrementada por resolución do órgano competente previa tramitación do expediente de modificación de crédito. De conformidade co disposto no artigo 58 do Regulamento Xeral de Subvencións, no caso de que este crédito increméntese como consecuencia dunha modificación orzamentaria, esta contía adicional poderá aplicarse á concesión de subvencións sen necesidade dunha nova convocatoria.

A efectividade da contía adicional queda condicionada á declaración da dispoñibilidade de crédito.



## Base 7.- Límite máximo da subvención para cada actividade ou proxecto

7.1. O importe máximo que se poderá conceder para cada proxecto é de oito mil euros (8.000,00 €), podendo solicitar cada entidade un máximo de un proxecto.

7.2. O importe máximo do orzamento susceptible de ser subvencionado será o 90% do total do mesmo. En consecuencia, o coeficiente de financiamento propio será como mínimo do 10%.

O coeficiente de financiamento propio poderá estar constituído tanto pola achega propia da entidade solicitante como daquelas achegas procedentes doutras persoas e/ou entidades públicas ou privadas.

7.3. Esta subvención é compatible con outras axudas, de entidades públicas ou privadas. En ningún caso o importe da subvención municipal poderá ser de tal contía que, en concorrencia con outros ingresos, subvencións ou axudas, supere o custo da actividade ou proxecto xustificado pola persoa beneficiaria.

## Base 8.- Procedemento de concesión: Réxime e inicio

8.1. O procedemento de concesión das subvencións obxecto da presente convocatoria tramitarase en réxime de concorrencia competitiva.

## Base 9.- Procedemento de concesión: Órgano instrutor e órgano competente para a resolución do procedemento

9.1. De acordo co establecido no artigo 15 da Ordenanza Xeral de Subvencións da área de Benestar, a instrución do procedemento de concesión corresponde a Xefatura do Servizo de Acción Social, que actuará en calidade de órgano instrutor segundo recolle o artigo 24 da Lei Xeral de Subvencións.

9.2. O órgano competente para a resolución será a tenente de alcaldesa, responsable da Área de Igualdade, Benestar Social e Participación, por delegación da Xunta de Goberno Local.

## Base 10.- Procedemento de concesión: Forma, documentación e prazo de presentación de solicitudes

### 10.1. Presentación de solicitudes de subvención

10.1.1. A solicitude de subvención presentarase na sede electrónica do Concello da Coruña <https://sede.coruna.gob.es> no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña. Deberá presentarse no modelo oficial adxunto a esta convocatoria (Ver Anexo S.0).

Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación da devandita convocatoria. Se o último día do prazo fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes de vencemento non houberse día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo remata o último día do mes.

### 10.2. Documentación das solicitudes de subvención

A solicitude de subvención deberá incluír a seguinte documentación:





10.2.1. Solicitud que deberá de presentarse e cumprimentarse no modelo normalizado que se adxunta como Anexo S.0 a esta convocatoria, asinado pola/o presidenta/e e/ou representante da entidade ou agrupación solicitante, cumprimentando as especificacións, declaracións e autorizacións que figuran no propio modelo e que se indican a continuación:

**10.2.A) Relativa á entidade, agrupación e os seus representantes:**

- a) Enderezo de correo electrónico para comunicacións de trámite e requirimento de documentación.
- b) Que teñan sede social no termo municipal da Coruña e que estean inscritas no REMAC debendo indicar o seu número de inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións Coruñesas (REMAC).

No suposto de non estar debidamente inscritos en REMAC, deberá achegar a seguinte documentación relativa á entidade e o seu representante legal:

- Estatutos vixentes polos que se rexe a entidade solicitante (fotocopia compulsada).
  - Código de identificación fiscal (CIF) da entidade (fotocopia compulsada) ou número de identificación fiscal (NIF) das persoas físicas que integren a agrupación solicitante (fotocopia compulsada).
  - Fotocopia compulsada do DNI/NIF do representante legal da entidade.
  - Certificación dos datos bancarios da entidade (orixinal expedido pola entidade bancaria), segundo indícase na o apartado 10.2.2 seguinte.
- c) Número de Rexistro Único de Entidades prestadoras de servizos sociais da Xunta de Galicia (RUEPSS), en caso de atoparse a entidade solicitante inscrita no devandito rexistro.
  - d) Que se atopen ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Axencia Tributaria de Galicia, o Concello da Coruña e fronte á Seguridade Social, os seus Organismos autónomos e entidades de dereito público dependentes do mesmo. O Concello da Coruña verificará que a entidade interesada está ao corrente no pago das súas obrigacións tributarias coa Axencia estatal e autonómica, o propio Concello e fronte á Seguridade Social. No caso de que a persoa/entidade interesada opóñase expresamente a esta verificación (Anexo S.0), esta deberá achegar os certificados que correspondan.
  - e) Declaración responsable de non estar incursos en algún dos supostos de prohibición para obter a condición de persoa/entidade beneficiaria que se refire o artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións.
  - f) Declaración responsable do compromiso de que todas as persoas adicadas á realización da actividade ou proxecto solicitado, cuxas tarefas impliquen contacto habitual con menores, cumpran co requisito previsto no artigo 13.5 da Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro de Protección Xurídica do menor e no artigo 8.4 da Lei 45/2015, do 14 de outubro, de Voluntariado.
  - g) Declaración responsable do compromiso para manter na xustificación a porcentaxe de cofinanciamento da solicitude.
  - h) Compromiso de xustificar a subvención concedida no prazo establecido.
  - i) Os demais contemplados na Ordenanza Xeral de Subvencións da Área de Benestar, na Ordenanza Municipal de A Coruña para a Igualdade na Diversidade, na Lei Xeral de Subvencións e na normativa que resulte de aplicación.





10.2.2. Certificación dos datos bancarios do solicitante, con correspondencia exacta cos datos achegados pola persoa interesada no que respecta ao nome ou denominación social, CIF ou NIF e o número de conta bancaria (en formato IBAN).

10.2.3. Certificación acreditativa dos cargos representativos, finalidade e do domicilio social da entidade, mediante o cumprimento do modelo Anexo S.5.

**10.2.B) Relativa ás actividades, proxectos e/ou actuacións solicitadas:**

10.2.4. Memoria explicativa de cada unha das actividades ou proxectos solicitados, coas especificacións que se detallan no modelo do Anexo S.1.

10.2.5. Orzamento de ingresos e gastos das actividades ou proxectos, ou actuacións solicitadas, con expresión do financiamento previsto e a nivel de detalle que permita identificar e comprobar que todos os conceptos de gasto son subvencionables, mediante o cumprimento do modelo do Anexo S.2.

Inclúe declaración responsable para a valoración do nivel de achega propia (financiamento) da entidade, de acordo co indicado na Base 12.1.1.b) da presente convocatoria.

10.2.6. Certificación das subvencións solicitadas e as que lle foron concedidas para a mesma actividade ou proxecto, ou actuación, obxecto da solicitude de subvención, procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacional ou internacional, mediante o cumprimento do modelo Anexo S.3

10.2.7. Declaración sobre a previsión de contratación para a execución da actividade ou proxecto, ou actuación solicitada, de persoas ou entidades vinculadas coa entidade solicitante, segundo o establecido na Base 4.2. anterior, mediante o cumprimento do modelo Anexo S.4.

10.2.8. Calquera outra documentación que a entidade ou agrupación solicitante entenda que é pertinente para unha mellor valoración da solicitude ou para maior detalle da descrición da actividade ou proxecto, ou actuación solicitada, mediante a presentación dunha memoria complementaria a efectos de ampliar a información requirida no Anexo S.1 e cunha extensión que non poderá exceder de 6 folios.

**10.3. Aclaracións adicionais sobre a documentación das solicitudes de subvención**

10.3.1. No caso de que os documentos esixidos xa estivesen en poder de calquera órgano do Concello da Coruña, o solicitante poderá acollerse ao establecido no artigo 53.1.d) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, sempre que se faga constar a data e o órgano ou dependencia en que foron presentados ou, no seu caso, emitido, e cando non transcorresen máis de cinco anos desde a finalización do procedemento ao que correspondan, cumprimentando para ese efecto unha declaración segundo o modelo do Anexo S.6.

Nos suposto de imposibilidade material de obter algún dos documentos, o órgano competente poderá requirir ao solicitante ou o seu representante, a presentación do devandito documento ou, na súa falta, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o mesmo, coa anterioridade á formulación da proposta de resolución.

10.3.2. Os documentos normalizados sinalados como "anexos" nesta convocatoria son de cumprimento obrigatorio e poderán ser ampliados polos solicitantes achegando a documentación que consideren oportuna para a mellor valoración das súas solicitudes.

## V. PROCEDEMENTO: INSTRUCIÓN

### Base 11.- Procedemento de concesión: Instrución

11.1. A instrución do procedemento de concesión de subvencións corresponde ao órgano que se indica na Base 9.1.

11.2. O órgano instructor realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.

11.3. De acordo co establecido no artigo 24.3 da Lei Xeral de Subvencións, as actividades de instrución comprenderán as que se indican a continuación:

- a) Petición de cuantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos por esta convocatoria específica e as demais normas que regulan esta subvención.
- b) Avaliación das solicitudes ou peticións, efectuada conforme cos criterios, formas e prioridades de valoración establecidos na Base 12.1 seguinte.

11.4. Se a solicitude de subvención non reúne os requisitos establecidos por esta convocatoria, incluído o defecto, erro ou ausencia nos datos da solicitude e/ou na documentación presentada, o órgano instructor requirirá a persoa interesada para que emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, no prazo máximo e improrrogable de dez (10) días hábiles, indicándolle que se non o fixese teráselle por desistido da súa solicitude, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

11.5. Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, en calquera fase do procedemento anterior á proposta de resolución, poderase requirir á entidade ou agrupación solicitante que achegue a información e documentación aclaratoria e complementaria que se considere conveniente para a correcta definición, avaliación, e comprobación da solicitude presentada.

11.6. Unha vez avaliadas as solicitudes, a Mesa de Avaliación que se indica na Base 12.2 seguinte, deberá emitir informe no que se concrete o resultado da avaliación efectuada. A continuación, o órgano instructor, á vista do expediente e do informe do órgano colexiado, formulará a proposta de resolución provisional, debidamente motivada.

### Base 12.- Procedemento de concesión: Criterios de valoración das subvencións e Mesa de avaliación de subvencións

#### 12.1. Criterios de valoración das solicitudes:

12.1.1. Criterios relativos á entidade: Puntuación: Ata 10 puntos.

a) **Achega propia da entidade para o desenvolvemento da actividade ou proxecto:** Puntuación: Ata 10 puntos.

Adxudicaranse 0 (cero) puntos ás entidades solicitantes que ofrezan o coeficiente de financiamento propio mínimo e obrigatorio, cifrado nun 10% (segundo establece a Base 7.1 da presente convocatoria) e un máximo de 10 puntos que se darán ás entidades solicitantes que oferten o maior nivel de cofinanciamento e que será en todo caso superior ao 10 % anterior.

Para as demais actividades ou proxectos solicitados, aplicarase a seguinte fórmula:

$$X = B \frac{(C - 10)}{A - 10}$$

Sendo “A”, o coeficiente de financiamento propio máis alto, “B” a puntuación máxima prevista (10 puntos), “C” o coeficiente de financiamento propio da actividade ou proxecto que se valora e “X” a puntuación resultante de aplicar a fórmula.

**12.1.2. Criterios relativos ao proxecto:** Puntuación: Ata 90 puntos.

**a) Presentación, contido e calidade técnica da memoria:** Puntuación: Ata 15 puntos.

Valorarase a descrición da finalidade do proxecto para a que se solicita a subvención, a adecuación e a coherencia dos obxectivos en relación co proxecto, as características e necesidades da poboación destinataria, protocolos e indicadores de avaliación, recursos humanos, materiais e medios técnicos necesarios, a difusión e publicidade etc., segundo especificase no Anexo S.1 da presente convocatoria.

- Proxectos fundamentados cunha estrutura interna clara e coherente, nos que se definen adecuadamente e de maneira detallada todos os apartados do Anexo S.1. Puntuación: 15 puntos.
- Proxectos definidos dunha maneira xeral sen desenvolver pormenorizadamente pero que conteñen os aspectos máis importantes do proxecto, segundo os apartados do Anexo S.1. Puntuación: 10 puntos.
- Proxectos definidos dunha maneira indicativa ou nos que non se desenvolven todos os apartados do Anexo S.1 pero dos que se deduza a súa viabilidade. Puntuación: 5 puntos.

**b) Transversalidade de xénero.** Puntuación: Ata 5 puntos.

Neste apartado valorarase si o proxecto describe detalladamente as medidas que se implementarán para a transversalidade de xénero. Estas medidas serán concretas, reais e eficaces e estarán dirixidas a corrixir as desigualdades de xénero e promoverán a igualdade de mulleres e homes no ámbito do proxecto.

Neste apartado poderanse describir como máximo 5 medidas.

Puntuación: 1 punto por medida que se considere adecuada e efectiva, pola Mesa de avaliación, para a consecución da actividade subvencionada.

As entidades que acrediten que dispoñen dun Plan de igualdade entre mulleres e homes, cando non exista unha obrigação legal de adoptar este plan, obterán directamente os 5 puntos deste apartado.

**c) Grao de adecuación da actividade ou proxecto ao obxecto da convocatoria e a súa relación co ámbito dos servizos sociais.** Puntuación: Ata 10 puntos.

**d) Tipoloxía do proxecto.** Puntuación: Ata 18 puntos.

- Proxectos de inclusión social para a cobertura de necesidades básicas das persoas e que se executan directamente con persoas en situación de risco/exclusión social. Puntuación: 15 puntos.
- Proxectos de inclusión con persoas en risco de exclusión social. Puntuación: 10 puntos.

- Proxectos para a realización de actividades socioculturais, actividades de difusión, concienciación, prevención, sensibilización, etc. para a poboación en xeral. Puntuación: 5 puntos.

Aqueles proxectos que presenten accións ou actividades innovadoras recibirán 3 puntos adicionais.

**e) Perfil de persoas beneficiarias directas do proxecto obxecto da subvención.** Puntuación: ata 12 puntos.

- Persoas, familias ou sectores específicos da poboación en situación ou risco de exclusión social. Puntuación: 12 puntos.
- Sectores específicos da poboación ou poboación en xeral. Puntuación: 6 puntos.

No caso de que as persoas beneficiarias correspóndanse con máis dun perfil darase a puntuación correspondente ao de maior número de persoas participantes, segundo os datos do Anexo S.1.

**f) Relevancia da actividade ou proxecto obxecto da subvención no marco dos servizos sociais municipais (gra de complementariedade do proxecto obxecto da solicitude de subvención, coas actuacións, programas e accións desenvolvidas polos servizos sociais municipais).** Puntuación: Ata 15 puntos.

**g) Temporalización do proxecto (número total de horas de sesións e/ou atención social ao ano).** Puntuación: Ata 10 puntos.

Obterán a máxima puntuación neste apartado, 10 puntos, os proxectos que teñan unha duración igual ou superior a 500 horas.

As actividades que teñan unha duración inferior as 500 horas, puntuaranse de forma directamente proporcional ao número de horas do proxecto e a puntuación máxima neste apartado.

**h) Emprego da lingua galega na realización e difusión do proxecto:** Puntuación: Ata 5 puntos.

É imprescindible para puntuar neste apartado, sinalar cunha X o compromiso no Anexo S.1.

A puntuación máxima será de 100 puntos. Só serán subvencionables as actividades ou proxectos que alcancen un mínimo de 45 puntos.

## **12.2. Determinación da contía da subvención:**

12.2.1. Ata esgotar o crédito dispoñible, a contía da subvención resultante para cada actividade ou proxecto virá determinada pola seguinte fórmula:

Contía da subvención = Puntos obtidos na actividade ou proxecto x valor punto

Cálculo do valor de cada punto:

Valor punto = Orzamento total (100.000,00 euros) / Total de puntos obtidos por tódalas actividade ou proxectos.

En ningún caso a contía da subvención poderá superar o máximo subvencionable segundo o establecido na base 7.

Se a asignación a unha actividade ou proxecto resultase superior á cantidade solicitada, a diferenza entre estas redistribuirase entre as actividades ou proxectos cuxa cantidade asignada sexa inferior á solicitada.

A redistribución das diferenzas producidas por este motivo realizarase seguindo o mesmo procedemento, participando unicamente os proxectos cuxa cantidade asignada sexa inferior á solicitada ou ao tope establecido nas presentes bases.

Todas as operacións expresaranse en números con dous decimais exceptuándose a asignación final que se redondeará a enteiros.

### 12.3. Mesa de Avaliación:

12.3.1. As solicitudes de subvención presentadas serán avaliadas por unha Mesa de Avaliación nomeada pola concelleira responsable da Área de Igualdade, Benestar Social e Participación, e estará formada por persoal con capacitación, competencia e preparación adecuadas, con presenza equilibrada de ambos os sexos, cunha representación feminina de polo menos nun 40 % e coa seguinte composición:

- Presidente/a: Un/ha funcionario/a de carreira municipal pertencente ao subgrupo A1 e adscrito/a a Igualdade, Benestar Social e Participación.
- Vogais: Dous técnicos/as municipais pertencentes ao subgrupo A2 e adscritos/as a Igualdade, Benestar Social e Participación
- Secretario/a: Unha/a funcionario/a de carreira municipal pertencente ao subgrupo A2, C1 ou C2 e adscrito/a a Igualdade, Benestar Social e Participación.

12.3.2. No caso de ausencia dalgunha das persoas que integran a Mesa de Avaliación, será substituída pola persoa funcionaria designada por quen exerza a xefatura do Servizo de Acción Social.

12.3.3. A Mesa de Avaliación, a través do órgano instrutor, poderá requirir ás entidades ou agrupacións solicitantes de subvencións a información ou documentación adicional aclaratoria que, non estando en poder da administración municipal, teña fundamental relevancia e relación directa para unha mellor valoración das solicitudes.

### Base 13.- Procedemento de concesión: Resolución provisional, trámite de alegacións e resolución definitiva das subvencións

13.1. A proposta de resolución provisional notificarase as persoas interesadas mediante anuncio público na data seguinte á da súa aprobación polo órgano competente, nos seguintes taboleiros e lugares de difusión:

- Taboleiro de Edictos do Concello da Coruña, sito nas Casas Consistoriais, praza de María Pita, nº 1, 15001, A Coruña,
- Taboleiro de Anuncios da Concellería de Igualdade, Benestar Social e Participación.
- Páxina WEB municipal de servizos sociais: <https://www.coruna.gal/servizossociais/gl>

Asemade, de forma complementaria publicarase o devandito anuncio no Taboleiro de anuncios e edictos da sede electrónica do Concello da Coruña.

Tras esta notificación concederase as persoas solicitantes un prazo de dez días hábiles para presentar alegacións.

13.2. Cando a subvención teña por obxecto o financiamento de actividades ou proxectos a desenvolver pola entidade solicitante e o importe da subvención da proposta de resolución provisional sexa inferior á que figura na solicitude presentada, de conformidade do disposto no artigo 27 da LXS, poderase instar da persoa beneficiaria a reformulación da súa solicitude para axustar os compromisos e condicións á subvención outorgable, nun prazo non superior a cinco días hábiles dende a finalización do prazo de presentación de alegacións.

